



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA
Dirección Xeral da Función Pública



Proceso selectivo para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia Grupo D

Primeiro exercicio

NON abra o exame ata que o tribunal llo indique

- 1.- ¿Cal dos seguintes tipos de documentos administrativos non pode considerarse como un documento administrativo de comunicación?**
- a) Anuncio
 - b) Carta de pago
 - c) Requirimento
 - d) Citación
- 2.- ¿Cal dos seguintes non é un subsistema principal do “SXPA”?**
- a) Rexistro de entradas e saídas
 - b) Terminal de información ó público
 - c) Tramitación de procedementos
 - d) Administración do sistema
- 3.- ¿Cal das denominadas “xeracións de ordenadores” se caracteriza pola utilización masiva de compoñentes “VSLI”?**
- a) A segunda xeración
 - b) A terceira xeración
 - c) A cuarta xeración
 - d) A quinta xeración
- 4.- O procedemento de Habeas Corpus, a teor do disposto no artigo 17.4 da Constitución Española, produce:**
- a) A inmediata posta en liberdade do detido ilegalmente
 - b) A inmediata posta a disposición xudicial de toda persoa detida ilegalmente
 - c) Que no prazo máximo de 72 horas o detido sexa posto en liberdade ou a disposición xudicial
 - d) A asistencia de avogado ó detido
- 5.- De conformidade co previsto no artigo 14 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, o Tribunal en Pleno pode adoptar acordos cando estean presentes:**
- a) Polo menos dous terzos dos membros que en cada momento o compoñan
 - b) Polo menos a metade dos membros que en cada momento o compoñan
 - c) Polo menos a metade máis un dos membros presentes
 - d) Tódolos seus membros
- 6.- O dereito á negociación colectiva laboral entre os representantes dos traballadores e empresarios atópase, na Constitución Española:**
- a) No Título I, Capítulo II, Sección II
 - b) No Título I, Capítulo I
 - c) No Título I, Capítulo II, Sección I
 - d) No Título I, Capítulo III
- 7.- A teor do artigo 3 do Estatuto de Autonomía de Galicia, gozarán da condición política de galegos:**
- a) Quen teñan veciñanza política en calquera dos municipios de Galicia
 - b) Os cidadáns españois que, de acordo co Estatuto de Autonomía, teñan veciñanza civil en calquera dos municipios de Galicia
 - c) Os cidadáns españois que, de acordo cas leis xerais do Estado, teñan veciñanza civil en calquera dos municipios de Galicia
 - d) Os cidadáns españois que, de acordo cas leis xerais do Estado, teñan veciñanza administrativa en calquera dos municipios de Galicia

- 8.- A teor do artigo 4 do Estatuto de Autonomía de Galicia, os deberes fundamentais dos galegos son:**
- a) Os establecidos na Constitución e no Estatuto de Autonomía de Galicia
 - b) Os establecidos no Estatuto de Autonomía de Galicia
 - c) Os establecidos na Constitución
 - d) Os establecidos no Estatuto de Autonomía de Galicia e nas leis que o desenvolvan
- 9.- A teor do artigo 29 do Estatuto de Autonomía de Galicia, correspóndelle á Comunidade Autónoma Galega a execución da lexislación do Estado nas seguintes materias:**
- a) Salvamento marítimo
 - b) Agricultura e gandería
 - c) Portos pesqueiros
 - d) Entidades cooperativas
- 10.- A teor do artigo 2 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, de organización, competencia e funcionamento do Goberno (en adiante Lei do Goberno), ¿cal das seguintes non é unha competencia do Presidente do Goberno?**
- a) Interpoñer a cuestión de inconstitucionalidade
 - b) Propoñer a El-Rey a convocatoria dun referéndum consultivo
 - c) Crear, modificar e suprimir, por Real Decreto, os Departamentos Ministeriais
 - d) Dirixir a política de defensa
- 11.- A teor do artigo 5 da Lei do Goberno, ¿quen poderán asistir ás reunións do Consello de Ministros, cando sexan convocados?**
- a) Os Subsecretarios
 - b) Os Secretarios de Estado
 - c) Os Directores do Gabinete dos Ministros
 - d) Ás reunións do Consello de Ministros só poden asistir os Ministros
- 12.- A teor do artigo 16 da Lei do Goberno, os Directores dos Gabinetes dos Ministros son nomeados por:**
- a) Decreto do Ministro respectivo
 - b) Real Decreto aprobado en Consello de Ministros
 - c) Orde Ministerial
 - d) Lei
- 13.- Segundo o artigo 212 do Tratado da Unión Europea, a Comisión publicará tódolos anos un informe xeral sobre as actividades da Comunidade:**
- a) Polo menos un mes antes da apertura do período de sesións do Parlamento Europeo
 - b) Polo menos dous meses antes da apertura do período de sesións do Parlamento Europeo
 - c) Polo menos tres meses antes da apertura do período de sesións do Parlamento Europeo
 - d) Unha vez se termine o período de sesións do Parlamento Europeo
- 14.- Sinala a resposta incorrecta. Segundo o artigo 249 do Tratado da Unión Europea, o regulamento, como fonte do dereito comunitario:**
- a) Será directamente aplicable en cada Estado membro
 - b) Será obrigatorio en tódolos seus elementos
 - c) Obrigará ó Estado membro destinatario en canto ó resultado que deba conseguirse, deixándolle ás autoridades nacionais a elección da forma e dos medios
 - d) Terá alcance xeral

15.- Sinale a resposta incorrecta. O Tribunal de Xustiza, segundo os artigos 221 e seguintes do Tratado da Unión Europea:

- a) Estará composto por un xuíz por Estado membro
- b) Estará asistido por oito avogados xerais
- c) Cada tres anos terá lugar unha renovación parcial dos xuíces e avogados xerais
- d) Os xuíces elixirán de entre eles ó Presidente do Tribunal de Xustiza por un período de tres anos.
O seu mandato non será renovable

16.- Segundo o artigo 3 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (en adiante Lei 30/1992), as Administracións públicas deberán respectar na súa actuación os principios de:

- a) Cooperación e colaboración
- b) Eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación
- c) Boa fe e confianza lexítima
- d) Eficiencia e servizo ós cidadáns

17.- Segundo o artigo 16 da Lei 30/1992, para a validez da delegación de firma:

- a) Será necesaria a súa publicación no “Diario Oficial” correspondente
- b) Será necesaria a súa publicación no “Boletín Oficial do Estado” e no “Diario Oficial” correspondente
- c) Será necesaria a súa publicación nunha instrucción interna
- d) Non será necesaria a súa publicación

18.- De conformidade co previsto no artigo 21 da Lei 30/1992, os órganos administrativos poderán dirixir as actividades dos seus órganos xerarquicamente dependentes mediante instrucións:

- a) Cando se estime conveniente por razón dos efectos que poidan producirse
- b) Cando unha disposición específica así o estableza
- c) Cando se estime conveniente por razón dos destinatarios
- d) Tódalas respostas anteriores son correctas

19.- Segundo o artigo 42 da Lei 30/1992, o prazo para resolver contarase, nos procedementos iniciados a solicitude do interesado:

- a) Dende a data do acordo de iniciación
- b) Dende a data en que a solicitude tivera entrada en calquera rexistro público
- c) Dende a data en que a solicitude tivera entrada en calquera rexistro administrativo
- d) Dende a data en que a solicitude tivera entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación

20.- Segundo o artigo 54 do Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (en adiante TRLCAP), os contratos da Administración formalizaranse:

- a) En documento administrativo, dentro do prazo de 30 días a contar dende o seguinte ó da notificación da adxudicación
- b) En documento administrativo, dentro do prazo de 15 días a contar dende o seguinte ó da notificación da adxudicación
- c) En documento administrativo, dentro do prazo de 30 días a contar dende ó da notificación da adxudicación
- d) En escritura notarial, dentro do prazo de 30 días a contar dende o seguinte ó da notificación da adxudicación

- 21.- Segundo o artigo 59 do TRLCAP, ¿cando será preceptivo o informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma?**
- a) No caso de resolución do contrato, cando se formule oposición por parte do contratista
 - b) No caso de nulidade do contrato, cando se formule oposición por parte do contratista
 - c) No caso de interpretación do contrato, cando se formule oposición por parte do contratista
 - d) Tódalas respostas anteriores son correctas
- 22.- Segundo o artigo 71 do TRLCAP, os expedientes de contratos cuxa necesidade sexa inaprazable ou cuxa adxudicación sexa preciso acelerar por razóns de interese público, poderán ser obxecto de tramitación:**
- a) Urxente
 - b) De emerxencia
 - c) As respostas a) e b) son correctas
 - d) Ningunha das respostas anteriores é correcta
- 23.- Segundo o artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público (en adiante Estatuto básico do empregado público), no caso de que existan prazas vacantes desempeñadas por funcionarios interinos deberán incluírse na oferta de emprego correspondente:**
- a) Ó exercicio no que se produce o seu nomeamento e, se non fose posible, na seguinte
 - b) Sempre ó exercicio no que se produce o seu nomeamento
 - c) Sempre ó exercicio seguinte ó que se produce o seu nomeamento
 - d) Ó exercicio no que se produce o seu nomeamento ou na seguinte, a elección do órgano competente en materia de Función Pública
- 24.- Segundo o artigo 12 do Estatuto básico do empregado público, a designación do persoal directivo atenderá:**
- a) A principios de eficacia e eficiencia e a criterios de capacidade
 - b) A principios de mérito e capacidade e a criterios de idoneidade
 - c) A principios de eficacia e eficiencia e a criterios de idoneidade
 - d) A principios de mérito e responsabilidade pola súa xestión e a criterios de capacidade
- 25.- Segundo o artigo 29 do Estatuto básico do empregado público, terán a consideración de retribucións diferidas:**
- a) As retribucións que se lle pagan ó funcionario unha vez se observan os resultados obtidos polo seu traballo
 - b) As retribucións que se lle pagan ó funcionario polos servizos extraordinarios prestados fóra da xornada normal de traballo
 - c) As cantidades destinadas a financiar achegas a plans de pensións ou contratos de seguro
 - d) Ningunha das respostas anteriores é correcta
- 26.- De conformidade co disposto no artigo 39 do Estatuto básico do empregado público, ¿cantos representantes terá a Xunta de Persoal nunha Unidade electoral onde hai 550 funcionarios?**
- a) 13
 - b) 9
 - c) 17
 - d) 19

27.- A teor do artigo 8 do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da administración da Comunidade Autónoma de Galicia, se crea o rexistro telemático da Xunta de Galicia e se regula a atención ó cidadán (en adiante Decreto 164/2005), os rexistros expedirán un recibo acreditativo da data de presentación de tódolos escritos que presenten os cidadáns, no que deberá constar:

- a) O lugar de presentación e a data
- b) A identidade do remitente, o órgano destinatario, lugar e data de presentación e un extracto do contido da solicitude
- c) A identidade do remitente e a data
- d) O órgano administrativo ó que vai dirixido e a data

28.- A teor do artigo 12 do Decreto 164/2005, tódolos escritos que sexan rexistrados nas oficinas de rexistro propias ou concertadas:

- a) Deberán ser selados en tódolos casos
- b) Deberán ser selados excepto os presentados no rexistro telemático
- c) Deberán ser selados excepto os que vaian dirixidos a outras Administracións Públicas
- d) Deberán ser selados os presentados nas oficinas de rexistro propias, non os presentados nas oficinas de rexistro concertadas

29.- A teor da disposición adicional segunda do Decreto 164/2005, ¿que días terán a consideración de inhábiles para os rexistros telemáticos?

- a) Ningún. O rexistro telemático da Xunta de Galicia estará en funcionamento durante as 24 horas do día, tódolos días do ano
- b) Os días inhábiles do concello onde radique a sede do órgano administrativo ó que vaia dirixido o escrito
- c) Só os así declarados para todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia no calendario laboral de días inhábiles
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

30.- A teor do artigo 72 da Constitución Española, ¿quen exerce as facultades de policía no interior das Cámaras?

- a) O Presidente do Congreso
- b) A Mesa da respectiva Cámara
- c) Os Presidentes das respectivas Cámaras en nome das mesmas
- d) Os Presidentes das respectivas Cámaras en nome propio

31.- A teor do artigo 79 da Constitución Española, ¿que requisito debe darse para entender que as Cámaras poidan adoptar acordos?

- a) Deben contar coa asistencia da maioría absoluta dos seus membros
- b) Deben contar coa asistencia da maioría dos seus membros
- c) Deben estar reunidas regulamentariamente
- d) As respostas b) e c) son correctas

32.- A teor do artigo 142 da Constitución Española, ¿de onde se nutrirán fundamentalmente as Facendas locais?

- a) Dos seus propios impostos
- b) Da participación nos tributos do Estado e nos das Comunidades Autónomas
- c) Dos seus propios impostos e da participación nos do Estado e das Comunidades Autónomas
- d) De tributos propios e de participación nos do Estado e das Comunidades Autónomas

- 33.- A teor do artigo 143 da Constitución Española, ¿quen poderán acceder ó dereito á autonomía recoñecido no artigo 2 da Constitución?**
- a) As provincias con entidade rexional histórica
 - b) As provincias con características históricas, culturais e económicas comúns
 - c) As provincias limítrofes
 - d) As respostas a) e b) son correctas
- 34.- A teor do artigo 149 da Constitución Española, ¿cal das seguintes materias non é de competencia exclusiva do Estado?**
- a) Ordenación do territorio, urbanismo e vivenda
 - b) Regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais
 - c) Fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica
 - d) Lexislación sobre propiedade intelectual e industrial
- 35.- Segundo o artigo 54 da Lei 30/1992, serán motivados con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito:**
- a) Os actos que limiten intereses lexítimos
 - b) Os que resolvan reclamacións previas á vía xudicial
 - c) Os que deban selo en virtude de disposición regulamentaria expresa
 - d) Tódalas respostas anteriores son correctas
- 36.- Segundo o artigo 55 da Lei 30/1992, nos casos en que os órganos administrativos exerzan a súa competencia de forma verbal, a constancia escrita do acto, cando sexa necesaria, efectuarase e firmarse:**
- a) Polo titular da competencia
 - b) Polo funcionario que a reciba oralmente
 - c) Polo titular do órgano inferior que a reciba oralmente
 - d) As respostas b) e c) son correctas
- 37.- Segundo o artigo 67 da Lei 30/1992, no caso de acto anulable, se o vicio consistira en incompetencia non determinante de nulidade, a convalidación poderá realizarse:**
- a) Polo superior xerárquico do órgano que dictou o acto, sexa ou non o competente
 - b) Polo órgano competente, sexa ou non o superior xerárquico do órgano que dictou o acto
 - c) Polo órgano competente cando sexa superior xerárquico do que dictou o acto viciado
 - d) Polo propio funcionario que dictou o acto ou polo superior xerárquico
- 38.- Segundo o artigo 71 da Lei 30/1992, se a solicitude de iniciación dun procedemento non reúne os requisitos esixidos requirirase ó interesado para que nun prazo de 10 días emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, si así non o fixera:**
- a) Declararase a caducidade da súa petición, previa resolución
 - b) Declararase finalizado o procedemento, previa resolución
 - c) Teráselle por desistido da súa petición, previa resolución
 - d) Declararase a caducidade do procedemento

- 39.- Segundo o artigo 27 da Lei 4/1988, do 26 de maio, de función pública de Galicia (en adiante Lei de función pública de Galicia), para poder participar nun concurso de provisión, esíxese permanencia do funcionario en cada posto de traballo de destino definitivo obtido por concurso un mínimo de 2 anos. O tempo de destino provisional que desempeñasen nun posto os funcionarios de novo ingreso:**
- a) Incluírse no cómputo do devandito período
 - b) Non se incluírá no cómputo do devandito período porque é destino provisional, non definitivo
 - c) Só se incluírá no cómputo do devandito período se garda relación co posto que se solicita no concurso
 - d) Pode incluírse no cómputo do devandito período se así o establecen as bases do concurso
- 40.- De acordo co previsto no artigo 27 da Lei de función pública de Galicia, sinala a resposta correcta respecto ás mulleres vítimas de violencia de xénero que se vexan obrigadas a abandonar o seu posto de traballo na localidade onde viñan prestando os seus servizos:**
- a) Terán dereito ó traslado a outro posto de traballo propio do seu corpo, escala ou categoría profesional, sempre que sexa vacante de necesaria cobertura
 - b) A administración pública competente estará obrigada a comunicarlles tódalas prazas, sexan vacantes ou non, radicadas na mesma localidade ou localidades que as interesadas expresamente soliciten
 - c) Este traslado terá a consideración de traslado forzoso, a efectos dos dereitos que para a traballadora puideran derivarse do mesmo
 - d) Tódalas respostas anteriores son correctas
- 41.- Un CD-ROM estándar de 120 milímetros ten unha capacidade aproximada equivalente á de:**
- a) 5 disquetes de 3,5 polgadas HD formateados
 - b) 50 disquetes de 3,5 polgadas HD formateados
 - c) 500 disquetes de 3,5 polgadas HD formateados
 - d) 5000 disquetes de 3,5 polgadas HD formateados
- 42.- A extensión “jpg” é utilizada polos arquivos que conteñen a seguinte información:**
- a) Folla de cálculo
 - b) Imaxe
 - c) Vídeo
 - d) Base de datos
- 43.- Sinala a resposta correcta en relación coa firma electrónica recoñecida:**
- a) É unha foto da firma manuscrita
 - b) Ten o mesmo valor que a firma manuscrita
 - c) Non ten o mesmo valor que a firma manuscrita
 - d) Cando se imprime ten o mesmo aspecto que a firma manuscrita
- 44.- A teor do artigo 15 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado (en adiante LOFAXE), ¿quen nomea ós Subsecretarios?**
- a) O Consello de Ministros, a proposta do titular do Ministerio
 - b) Os Secretarios de Estado
 - c) O titular do Ministerio do que dependan
 - d) Os Secretarios Xerais Técnicos
- 45.- A teor do artigo 30 da LOFAXE, ¿quen nomea ós Directores Insulares da Administración Xeral do Estado naquelas illas nas que existan?**
- a) O Consello de Ministros, a proposta do Delegado do Goberno
 - b) O Delegado do Goberno
 - c) O Subdelegado do Goberno na provincia
 - d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

- 46.- A teor do artigo 17 do Estatuto de Autonomía de Galicia, a Xunta cesa:**
- a) Trala celebración de eleccións xerais
 - b) Por dimisión do seu Presidente
 - c) Por incapacidade do seu Presidente
 - d) Tódalas respostas anteriores son correctas
- 47.- A teor do artigo 19 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Presidente elixido tomará posesión do seu cargo:**
- a) Dentro dos 5 días seguintes ó do nomeamento
 - b) Dentro dos 3 días seguintes ó da súa elección
 - c) Dentro dos 3 días seguintes ó do nomeamento
 - d) Dentro dos 5 días seguintes ó da publicación do seu nomeamento
- 48.- A teor do artigo 8 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, ¿en que idioma se redactarán os documentos públicos outorgados en Galicia se non hai acordo entre as partes?**
- a) Exclusivamente en galego
 - b) Exclusivamente en castelán
 - c) En galego e en castelán
 - d) Se se trata dun órgano propio da Comunidade Autónoma redactaranse en galego e se se trata dun órgano do Estado na Comunidade Autónoma redactaranse en castelán
- 49.- Segundo o artigo 206 do Tratado da Unión Europea, en caso de votación, cada membro do Consello:**
- a) Poderá actuar en representación dun ou máis membros
 - b) Poderá actuar en representación dun só dos demais membros
 - c) Actuará só en nome propio
 - d) Só actuará en representación dos demais membros se así se lle outorga mediante acta asinada ante os membros do Consello con anterioridade ó día da votación
- 50.- Segundo o artigo 193 do Tratado da Unión Europea, o Parlamento Europeo poderá constituír unha comisión temporal de investigación para examinar alegacións de infracción na aplicación do dereito comunitario:**
- a) A petición da metade dos seus membros
 - b) A petición da terceira parte dos seus membros
 - c) A petición da cuarta parte dos seus membros
 - d) Ningunha das respostas anteriores é correcta
- 51.- Segundo o artigo 205 do Tratado da Unión Europea, salvo disposición en contrario do presente Tratado, o Consello adoptará os seus acordos:**
- a) Por maioría absoluta dos votos emitidos
 - b) Por maioría dos membros que o compoñen
 - c) Por unanimidade
 - d) Ningunha das respostas anteriores é correcta
- 52.- Segundo o artigo 77 da Lei 30/1992, as cuestións incidentais que se susciten no procedemento e que se refiran á nulidade de actuacións:**
- a) Non suspenderán a tramitación do mesmo
 - b) Non suspenderán a tramitación do mesmo, salvo a recusación
 - c) Suspenderán a tramitación do mesmo
 - d) Suspenderán a tramitación do mesmo, salvo a recusación

- 53.- Segundo o artigo 72 da Lei 30/1992, iniciado o procedemento administrativo, ¿cal é o órgano administrativo competente para adoptar as medidas provisionais que estime oportunas para asegurar a eficacia da resolución que puidera recaer?**
- a) O órgano administrativo que iniciou o procedemento
 - b) O órgano administrativo que está tramitando o procedemento
 - c) O órgano administrativo competente para resolvelo
 - d) O superior xerárquico do órgano administrativo que está tramitando o procedemento
- 54.- Segundo o artigo 80 da Lei 30/1992, o instructor do procedemento acordará a apertura dun período de proba:**
- a) Cando a natureza do procedemento o esixa
 - b) Cando a Administración teña por certos os feitos alegados polos interesados
 - c) Cando os interesados consideren que as probas propostas son procedentes e necesarias para a resolución do procedemento
 - d) Tódalas respostas anteriores son correctas
- 55.- Segundo o artigo 86 da Lei 30/1992, ¿quen poderá acordar un período de información pública?**
- a) O órgano ó que corresponda a iniciación do procedemento cando razóns de interese público así o aconsellen
 - b) O órgano ó que corresponda a tramitación do procedemento cando o aconsellen razóns de interese público
 - c) O órgano ó que corresponda a resolución do procedemento cando a natureza deste o requira
 - d) O órgano ó que corresponda a resolución do procedemento cando o aconsellen razóns de interese público
- 56.- De conformidade co disposto no artigo 44 do Estatuto básico do empregado público, sinale cal dos seguintes é un criterio xeral no procedemento para a elección dos Delegados de Persoal:**
- a) A elección realizárase mediante sufraxio persoal, directo, libre e secreto
 - b) Serán electores e elixibles os funcionarios que se atopen na situación de servizo activo
 - c) Elixíranse mediante listas abertas e sistema maioritario
 - d) Tódalas respostas anteriores son correctas
- 57.- Sinale a resposta incorrecta. Segundo o artigo 49 do Estatuto básico do empregado público, o permiso por parto:**
- a) Gozarse sempre a xornada completa
 - b) No caso de parto prematuro este permiso amplíase cun máximo de trece semanas adicionais
 - c) No caso de falecemento da nai, o outro proxenitor poderá facer uso da totalidade ou, no seu caso, da parte que reste de permiso
 - d) Durante o goce deste permiso poderase participar en cursos de formación que convoque a Administración
- 58.- Unha tarxeta Ethernet:**
- a) Permite a conexión dun ordenador a unha rede
 - b) É indispensable para a edición de vídeo
 - c) Non é indispensable para a edición de vídeo, pero acelera o proceso
 - d) Deberá estar configurada para a resolución do monitor
- 59.- ¿Qué sistema ten unha taxa maior de transferencia?**
- a) USB 2.0
 - b) Bluetooth 1.2
 - c) UMTS
 - d) DSL de 2 Mbits/s

- 60.- A teor do artigo 24 da Constitución Española, ¿quen teñen dereito a obter a tutela efectiva dos xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos?**
- a) Todos
 - b) Tódalas persoas
 - c) Tódolos cidadáns
 - d) Tódolos españois
- 61.- A teor do artigo 5 do Regulamento do Senado, a Mesa do Senado estará formada por:**
- a) O Presidente do Senado, 2 vicepresidentes e 2 secretarios
 - b) O Presidente do Senado, 4 vicepresidentes e 2 secretarios
 - c) O Presidente do Senado, 2 vicepresidentes e 4 secretarios
 - d) O Presidente do Senado, 4 vicepresidentes e 4 secretarios
- 62.- A teor do artigo 20 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, existe en tódolos Concellos:**
- a) A Xunta de Goberno Local
 - b) A Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións
 - c) O Tenente de Alcalde
 - d) Tódalas respostas anteriores son correctas
- 63.- Segundo o artigo 140 da Constitución Española, os concelleiros serán elixidos polos veciños do concello mediante sufraxio universal igual, libre, directo e secreto:**
- a) Na forma establecida pola Constitución
 - b) Na forma establecida pola lei
 - c) Na forma establecida polo Goberno
 - d) Na forma establecida polas normas do concello
- 64.- A teor do Decreto 232/2005, do 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, ¿cal das seguintes Direccións Xerais pertence á Consellería de Medio Rural?**
- a) Dirección Xeral de Estructuras e Calidade Agroalimentaria
 - b) Dirección Xeral de Infraestructuras e Producción Agroalimentaria
 - c) Dirección Xeral de Estructuras e Infraestructuras Agrarias
 - d) Dirección Xeral de Producción, Industrias e Estructuras Agrarias
- 65.- Segundo o artigo 71 da Lei 30/1992, o prazo de emenda e mellora da solicitude, poderá ser ampliado prudencialmente ata cinco días:**
- a) Cando o procedemento así o estableza
 - b) Cando a achega dos documentos requiridos presente dificultades especiais
 - c) Cando así o impoña a natureza do termo ou prazo
 - d) Tódalas respostas anteriores son correctas
- 66.- De conformidade co previsto no artigo 86 da Lei 30/1992, quen presenten alegacións no trámite de información pública:**
- a) Teñen dereito a que se lles considere interesados no procedemento e a obter da Administración unha resposta razoada
 - b) Non se lles outorga, polo feito da comparecencia, a condición de interesados, pero teñen dereito a unha resolución que dea resposta a tódalas cuestións formuladas e a aquelas outras derivadas das mesmas
 - c) Teñen dereito a obter da Administración unha resposta razoada, que poderá ser común para todas aquelas alegacións que formulen cuestións substancialmente iguais
 - d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

67.- Segundo o artigo 102 da Lei 30/1992, o órgano competente para a revisión de oficio, cando unha solicitude careza manifestamente de fundamento:

- a) Poderá acordar motivadamente a inadmisión a trámite da solicitude sen necesidade de recabar dictame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma, se o houbese
- b) Acordará motivadamente a inadmisión a trámite da solicitude sen necesidade de recabar dictame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma, se o houbese
- c) Poderá acordar motivadamente a inadmisión a trámite da solicitude previo dictame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma, se o houbese
- d) Acordará motivadamente a inadmisión a trámite da solicitude previo dictame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma, se o houbese

68.- Sinale a resposta incorrecta. Segundo o artigo 105 da Lei 30/1992, as Administracións públicas poderán revogar en calquera momento os seus actos de gravame, sempre que tal revogación:

- a) Non sexa contraria ó ordenamento xurídico
- b) Non sexa contraria ó interese público
- c) Non constitúa dispensa ou exención permitida polas leis
- d) Non sexa contraria ó principio de igualdade

69.- Segundo o artigo 17 do Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, un dos requisitos para a concesión de permutas entre traballadores, persoal fixo, é:

- a) Que contén con máis de 2 anos de servizos continuados na Administración
- b) Que contén con máis de 1 ano de servizos continuados na Administración
- c) Que contén con máis de 5 anos de servizos continuados na Administración
- d) Que contén con, polo menos, 3 anos de servizos continuados na Administración

70.- Segundo o artigo 15 do Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, o desempeño dun posto de traballo de categoría superior non poderá exceder de:

- a) Tres meses consecutivos ou seis alternos
- b) Dez meses consecutivos ou seis alternos
- c) Seis meses consecutivos ou dez alternos
- d) Seis meses consecutivos ou doce alternos

71.- Segundo o artigo 26 do Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, a dispoñibilidade horaria:

- a) Considerarase dentro da xornada de traballo efectivo pero non se computará para efectos do límite de horas extraordinarias
- b) Non se considerará dentro da xornada de traballo efectivo nin se computará para efectos do límite de horas extraordinarias
- c) Considerarase dentro da xornada de traballo efectivo e computarase para efectos do límite de horas extraordinarias
- d) Non se considerará dentro da xornada de traballo efectivo pero computarase para efectos do límite de horas extraordinarias

72.- Segundo o artigo 74 do TRLCAP, a adxudicación poderá efectuarse por subhasta ou concurso:

- a) Tanto no procedemento aberto como no restrinxido
- b) Só no procedemento aberto
- c) Só no procedemento restrinxido
- d) Só no procedemento aberto e excepcionalmente, cando os pregos do concurso ou a subhasta así o establezan, tamén no procedemento restrinxido

73.- Segundo o artigo 83 do TRLCAP, nas subhastas, a adxudicación deberá recaer no prazo máximo de:

- a) 20 días a contar dende o seguinte ó da apertura, en acto público, das ofertas recibidas
- b) 15 días a contar dende o seguinte ó da apertura, en acto público, das ofertas recibidas
- c) 20 días a contar dende o día da apertura, en acto público, das ofertas recibidas
- d) 15 días a contar dende o día da apertura, en acto público, das ofertas recibidas

74.- Segundo o artigo 107 da Lei 30/1992, contra actos de trámite que determinen a imposibilidade de continuar o procedemento, os interesados:

- a) Poderán interpoñer os recursos de alzada e potestativo de reposición
- b) Non poderán interpoñer recurso algún aínda que si poderán alegalo para a súa consideración na resolución que poña fin ó procedemento
- c) Non poderán interpoñer recurso en vía administrativa, aínda que si en vía contenciosa
- d) Non poderán interpoñer recurso en vía administrativa, aínda que si poderán solicitar a suspensión da execución do acto

75.- Segundo o artigo 111 da Lei 30/1992, a interposición de calquera recurso:

- a) Nunca suspenderá a execución do acto impugnado
- b) Excepto nos casos en que unha disposición estableza o contrario, non suspenderá a execución do acto impugnado
- c) Suspenderá a execución do acto impugnado, excepto nos casos en que unha disposición estableza o contrario
- d) Suspenderá a execución do acto impugnado ata que se resolva o recurso

76.- Segundo o artigo 112 da Lei 30/1992, cando deban terse en conta novos feitos ou documentos non recollidos no expediente orixinario, poranse de manifesto ós interesados para que formulen alegacións ou presenten os documentos que estimen procedentes. Non teñen o carácter de documentos novos:

- a) Só os informes e o recurso
- b) Só as propostas e o recurso
- c) Só os informes e as propostas
- d) As propostas, os informes e o recurso

77.- De acordo co previsto no artigo 45 da Lei de función pública de Galicia, a condición de funcionario adquirese polo cumprimento de varios requisitos, entre eles, tomar posesión:

- a) No prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento
- b) No prazo dun mes a partir da notificación do nomeamento
- c) No prazo dun mes a partir do nomeamento
- d) No prazo de quince días a partir da comunicación do nomeamento

78.- Segundo o artigo 55 da Lei de función pública de Galicia, sinale a resposta correcta respecto á excedencia para o coidado de familiares:

- a) Terá unha duración non superior a dous anos
- b) Ha de ser para atender ó coidado dun familiar que estea a cargo do funcionario, ata o terceiro grao inclusive de consanguinidade ou afinidade
- c) O familiar non ha de poder valerse por si mesmo por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade, desempeñe ou non actividade retribuída
- d) O tempo de permanencia nesta situación será computable a efectos de trienios

- 79.- Segundo o artigo 8 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, o persoal que en representación do sector público pertenza a Consellos de Administración ou órganos de goberno de Entidades ou Empresas públicas ou privadas:**
- a) Só poderá percibir as retribucións básicas que correspondan pola súa asistencia ós mesmos
 - b) Poderá percibir as retribucións básicas e as complementarias que correspondan pola súa asistencia ós mesmos
 - c) Só poderá percibir as dietas ou indemnizacións que correspondan pola súa asistencia ós mesmos
 - d) Non poderá percibir, nin sequera, as dietas ou indemnizacións que correspondan pola súa asistencia ós mesmos
- 80.- A teor do Decreto 232/2005, do 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, ¿a que Consellería se atopa adscrito o organismo autónomo *Xurado de Expropiación Forzosa*?**
- a) Consellería de Innovación e Industria
 - b) Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda
 - c) Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes
 - d) Consellería de Vivenda
- 81.- A teor do Decreto 232/2005, do 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, ¿cal das seguintes Divisións non existe actualmente no Servizo Galego de Saúde?**
- a) División de Farmacia e Productos Sanitarios
 - b) División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional
 - c) División de Recursos Económicos
 - d) División de Asistencia Sanitaria
- 82.- Segundo o artigo 115 da Lei 30/1992, será de tres meses:**
- a) Só o prazo máximo para notificar a resolución do recurso de alzada
 - b) Só o prazo máximo para dictar a resolución do recurso de alzada
 - c) O prazo máximo para dictar e notificar a resolución do recurso de alzada
 - d) Ningunha das respostas anteriores é correcta
- 83.- Segundo o artigo 25 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, o recurso contencioso administrativo é admisible en relación con:**
- a) Os actos presuntos da Administración Pública que poñan fin á vía administrativa
 - b) A inactividade da Administración
 - c) Disposicións de carácter xeral
 - d) Tódalas respostas anteriores son correctas
- 84.- Segundo o artigo 142 da Lei 30/1992, en caso de responsabilidade patrimonial, o dereito a reclamar:**
- a) Caduca ó ano de producido o feito que motive a indemnización
 - b) Caduca ó ano de manifestarse o efecto lesivo do acto que motive a indemnización
 - c) Caduca ó ano da curación, no caso de danos de carácter físico ou psíquico
 - d) Ningunha das respostas anteriores é correcta
- 85.- Segundo o artigo 76 do Estatuto básico do empregado público, esixírase estar en posesión do título de Técnico Superior para os corpos e escalas do:**
- a) Subgrupo A1
 - b) Subgrupo A2
 - c) Grupo B
 - d) Subgrupo C1

- 86.- Segundo o artigo 96 do Estatuto básico do empregado público, a sanción de traslado forzoso con cambio de residencia, imporase:**
- a) Por un máximo de 6 meses
 - b) Por un máximo de 1 ano
 - c) Por un máximo de 2 meses
 - d) Polo período que en cada caso se estableza
- 87.- ¿Como se denomina o Capítulo Segundo do Título Primeiro da Constitución Española?**
- a) Dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas
 - b) Dos españois e dos estranxeiros
 - c) Dereitos e liberdades
 - d) Dos dereitos e deberes fundamentais
- 88.- A teor do artigo 55 da Constitución Española, ¿cal dos seguintes dereitos pode ser suspendido no estado de sitio e non no estado de excepción?**
- a) Dereito de información ó detido de forma inmediata dos seus dereitos
 - b) Dereito á inviolabilidade do domicilio
 - c) Dereito á liberdade de circulación polo territorio nacional
 - d) Dereito á liberdade de expresión
- 89.- A teor do artigo 57 da Constitución Española, as dúbidas de feito ou de dereito que ocorran na orde de sucesión á Coroa, resolveranse:**
- a) Por unha Lei Orgánica
 - b) Mediante a reforma constitucional polo procedemento establecido no artigo 167 da Constitución Española
 - c) Mediante a reforma constitucional polo procedemento establecido no artigo 168 da Constitución Española
 - d) Por unha Lei ordinaria
- 90.- A teor do artigo 70 da Constitución Española, ¿cal das seguintes é causa de inelixibilidade e incompatibilidade dos Deputados e Senadores?**
- a) Ser Avogado do Estado
 - b) Ser o Defensor do Pobo
 - c) Ser membro do Goberno
 - d) Tódalas respostas anteriores son correctas

PREGUNTAS DE RESERVA:

- 91.- ¿Cantos Megapíxeles ten unha pantalla SVGA?**
- a) 1,2
 - b) 3,2
 - c) 5,1
 - d) Ningunha das respostas anteriores é correcta
- 92.- ¿Que é Lotus 1-2-3?**
- a) Lotus 1-2-3 non existe
 - b) É un programa de folla de cálculo de IBM
 - c) É un programa xestor de correo electrónico
 - d) Son as distintas versións dun programa xestor de correo electrónico

93.- A teor do artigo 56 do Regulamento do Congreso, a Deputación Permanente do Congreso dos Deputados estará presidida polo Presidente do Congreso e formada por:

- a) Un número de Deputados por cada grupo parlamentario en proporción á súa importancia numérica
- b) Un mínimo de 20 membros, que representarán ós grupos parlamentarios en proporción á súa importancia numérica
- c) Un mínimo de 21 membros, que representarán ós grupos parlamentarios en proporción á súa importancia numérica
- d) Os membros da Mesa do Congreso e un mínimo de 20 Deputados

FIN